

## **IV CONCURSO DE SOLISTAS. CSMVigo. 2018**

O Conservatorio Superior de Música de Vigo (CSMVigo) convoca o *IV Concurso de Solistas*, que se desenvolverá no curso académico 2017/2018. O obxecto do concurso é o de estimular e recoñecer a excelencia interpretativa en calquera das especialidades impartidas no centro. Rexerase polas seguintes bases.

### **BASES DO CONCURSO**

#### **Participantes e inscrición**

- 1- Poderán tomar parte no concurso alumn@s matriculados no CSMVigo en calquera das especialidades e itinerarios, e en calquera curso.
- 2- Para tomar parte no concurso unicamente é preciso cubrir a folla de inscrición ao efecto e entregala por rexistro nas oficinas do centro.
- 3- O prazo para inscribirse será entre o 9 e o 23 de xaneiro de 2018, ámbolos dous incluídos, no horario de atención pública das oficinas do centro.
- 4- Cada concursante deberá preparar unha audición de duración mínima de 10 minutos. Poderán propoñerse varias obras ou movementos, indicando na folla de inscrición o título e o autor ou autora da obra ou obras.
- 5- No caso de precisar acompañamento pianístico ou de calquera outro tipo, é competencia d@ concursante xestionar esta necesidade, non estando o centro obrigado a achegar este recurso. O profesorado do centro unicamente poderá participar en calidade de pianista acompañante, no seu caso.

#### **Fases do concurso**

- 6- O CSMVigo nomeará un xurado conformado por cinco docentes pertencentes ao seu claustro, e presidido polo docente que designe a dirección do centro. O xurado constituirase o 30 de xaneiro, mediante convocatoria da dirección do centro, e terá como competencias:
  - a. Aprobar e publicar as listas de admitid@s.
  - b. Realizar a convocatoria e chamamentos dos concursantes, de acordo cos prazos previstos nestas bases.
  - c. Deliberar e outorgar os premios convocados.
  - d. Resolver calquera incidencia relativa ao concurso desde o momento da súa constitución ao da súa disolución (en coordinación cos órganos responsables do centro), así como interpretar o contido destas bases cando houbese lugar.
- 7- O día 31 de xaneiro o xurado publicará no taboleiro oficial habilitado ao efecto, a listaxe de admitid@s ao concurso, con indicación da obra que deberán interpretar (no caso de que se tivese proposto pol@ concursante máis de unha)

así como a orde de actuación d@s mesm@s. No caso de existir reclamacións a estas listas, deberán interpoñerse no prazo de 48 horas unha vez realizada a publicación antedita, mediante instancia rexistrada nas oficiñas do centro e dirixida á presidencia do xurado. O xurado resolverá o que proceda e publicará no seu caso as listas definitivas con anterioridade ao 7 de febreiro.

- 8- O concurso terá lugar o venres, día 9 de febreiro de 2018, no Auditorio Martín Códax do CSMVigo, segundo o horario e orde de actuación que se teña publicado polo xurado.
- 9- O xurado poderá interromper a audición d@ concursante antes do remate da obra, se o considera oportuno.

### **Premios**

- 10- O xurado poderá outorgar un 1º, 2º e 3º premios, así como ata dúas mencións de honra, no caso de que así o estimase, á vista do nivel d@s concursantes presentad@s. Igualmente poderá declarar desertos os premios que considere.
- 11- Para @ 1º e 2º premiad@s, o premio consistirá en:
  - a. Realización dun concerto como solista/s con algunha das agrupacións (orquestras) do CSMVigo. O momento desta realización así como o repertorio a interpretar, serán acordados entre @/s solista/s e a/s persoa/s responsable/s da dirección da agrupación coa que vai actuar.
  - b. Bono de compra por valor de 200 € e 150 €, para o 1º e 2º premiados, respectivamente; a compra realizaráse nunha casa comercial de produtos musicais que se designará, e no prazo que se indique.
  - c. Diploma acreditativo.
- 12- Para @ 3º premiad@.
  - a. Bono de compra por valor de 100 €; a compra realizaráse nunha casa comercial de produtos musicais que se designará, e no prazo que se indique.
  - b. Diploma acreditativo.
- 13- Para as mencións de honra: Diploma acreditativo.
- 14- Os premios entregaranse antes de rematar o curso académico 2017/2018, no momento e acto que designe a dirección do centro. O acto será publicitado, e comunicado directamente aos premiados, con unha antelación mínima de 15 días.

### **Base xeral**

- 15- A participación no concurso implica a aceptación completa destas bases.